



RESOLUCIÓN do de 31 de agosto de 2026, pola que se convoca un proceso selectivo mediante concurso de méritos para a ampliación das listaxes de agarda para a cobertura temporal de postos en diferentes escalas da Universidade da Coruña (UDC).

Esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas no artigo 136 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, de 6 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña, e da Resolución Reitoral do 10 de xullo de 2024 pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos,

RESOLVE

Convocar un proceso selectivo mediante concurso de méritos, para a ampliación da listaxe de agarda para cubrir, mediante nomeamento de persoal funcionario interino, postos de diferentes escalas da Universidade da Coruña, mentres non se proceda á súa cobertura con carácter definitivo, de acordo coas seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

1. Normas Xerais

Convócase proceso selectivo mediante concurso de méritos para a ampliación da listaxe de agarda para a cobertura temporal de postos da escala técnica e subescalas seguintes:

- Enxeñeiro/a de instalacións de enerxía (A2)
- Técnico/a de instalacións de enerxía (C1)
- Técnico/a en comunicación (A2)
- Técnico/a de laboratorio - subescala Física (C1)
- Técnico/a de equipamentos (C1)
- Especialista de oficios (mantementos) (C2)
- Socorrista (C2)
- Técnico/a de emprego (C1)
- Mariñeiro/a especialista (C2)
- Arquitecto/a técnico (A2)
- Arquitecto/a (A1)
- Delineante (C1)
- Técnico/a de laboratorio (sistemas electromecánicos de control) (C1)
- Técnico de laboratorio de análise estrutural (A2)

2. Requisitos das persoas aspirantes

As persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes:



Xerencia

2.1- Nacionalidade: Ser español/a ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou doutros estados nos termos previstos na Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

2.2- Idade: Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación.

2.3- Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obter na data de finalización de presentación de solicitudes, das titulacións requiridas en cada caso:

- Enxeñeiro/a de instalacións de enerxía (subgrupo A2):

Titulación requirida: Enxeñaría técnica industrial, Enxeñaría industrial, Grao en Enxeñaría Industrial ou equivalentes, Mestrado universitario en Enxeñaría industrial.

Valorarase: Formación en prevención de riscos laborais na construción.

- Técnico/a de instalacións de enerxía (subgrupo C1):

Titulación requirida: Titulacións das Familias profesionais de Formación profesional (FP):

- Enerxía
- Instalación e mantemento

Valorarase: Formación en prevención de riscos laborais na construción.

- Técnico/a en comunicación (subgrupo A2):

Titulación requirida: Licenciado/a - graduado/a en xornalismo, licenciado/a - graduado/a en comunicación audiovisual, Licenciado/a - graduado/a en Publicidade e Relacións Públicas

- Técnico/a de laboratorio - subescala Física (subgrupo C1):

Titulación requirida: Titulacións das Familias profesionais de FP:

- Química

- Técnico/a de equipamentos (subgrupo C1):

Titulación requirida: Titulacións das Familias profesionais de FP:

- Madeira, moble e cortiza
- Comercio e márketing

Valorarase: Formación en prevención de riscos laborais na construción.

- Especialista de oficios (mantementos) (subgrupo C2):

Titulación requirida: Titulacións das Familias profesionais de FP:

- Enerxía e auga
- Instalación e mantemento
- Electricidade e electrónica
- Fabricación mecánica
- Edificación e obra civil

Valorarase: Formación en prevención de riscos laborais na construción.

- Socorrista (subgrupo C2):

Titulación requirida: Titulación requirida para o acceso ao subgrupo C2, de acordo co establecido na Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Titulacións das Familias profesionais de FP: actividades físicas e deportivas.

Requisitos:

- Certificado Profesional de Socorrismo en Instalacións Acuáticas (AFDP0109).



- Estar inscrito no Rexistro oficial profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios da Xunta de Galicia.
- Técnico/a de emprego e asuntos xerais (subgrupo C1):
Titulación requirida: Titulación requirida para o acceso ao subgrupo C1, de acordo co establecido na Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Titulacións das Familias profesionais de FP de servizos culturais e á comunidade, orientación e emprego.
- Mariñeiro/a especialista (subgrupo C2):
Titulación requirida: Titulación requirida para o acceso ao subgrupo C2, de acordo co establecido na Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Titulacións das Familias profesionais de FP: Marítimo-pesqueira
Requisitos:
 - Estar en posesión do certificado de competencia mariñeira expedido polas autoridades competentes
 - Estar en posesión do título de Patrón de Embarcacións de Recreo (PER).
- Arquitecto/a técnico (subgrupo A2):
Titulación requirida: Título de arquitecto/a técnico/a ou título que habilite para o exercicio desta profesión regulada, segundo establecen as directivas comunitarias.
Valorarase: Formación en prevención de riscos laborais na construción.
- Arquitecto/a (subgrupo A1):
Titulación requirida: Arquitecto/a.
Valorarase: Formación en prevención de riscos laborais na construción.
- Delineante (subgrupo C1):
Titulación requirida: Titulación de Técnico/a Superior en Proxectos de Edificación, Técnico/a Superior en Proxectos de Obra Civil, Técnico/a Superior en Deseño en Fabricación Mecánica, Técnico/a Superior en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia, ou titulacións equivalentes que os habiliten para o exercicio da profesión de delineante.
Valorarase: Formación en prevención de riscos laborais na construción.
- Técnico/a de laboratorio (sistemas electromecánicos de control) (subgrupo C1):
Titulación requirida: Titulacións das Familias profesionais de FP:
 - Instalación e mantemento
 - Ectricidade e electrónica
 - Marítimo-pesqueiraTitulacións de grao universitario:
 - Grao en Máquinas Navais, Grao en Enxeñaría Mecánica, Grao en Enxeñaría Eléctrica, Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática.
- Técnico de laboratorio de análise estrutural (subgrupo A2):
Titulación requirida: Titulación requirida para o acceso ao subgrupo A2, de acordo co establecido na Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia.



Xerencia

Requisitos específicos: Experiencia no deseño do mantemento, posta a punto e establecemento das condicións de operación dos equipos da Unidade de Análise Estrutural. Optimización de recursos de operación, realización de experimentos e previsión de funxibles. Dominio de inglés (C1).

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non lle será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

2.4- Capacidade funcional: Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións do posto. A estes efectos, a persoa aspirante declara, ao facer a solicitude de participación no proceso selectivo, que nesa data posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto e que non padece enfermidade física nin psíquica que lle impida realizar o traballo propio da escala á que se pretende incorporar.

2.5- Habilitación: Non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración pública mediante expediente disciplinario, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

2.6- Coñecemento de galego: Acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente.

2.7- Os/as aspirantes estranxeiros/as, xuntarán a fotocopia do diploma superior de español como lingua estranxeira (nivel B2, C1 ou C2), do certificado de aptitude ou nivel avanzado de español expedido polas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI), do título de licenciatura ou grao equivalente en Filoloxía Hispánica ou Románica ou doutros títulos homologados ou certificación. Quedan exentas de presentar esta titulación as persoas estranxeiras nacionais de países cuxo idioma oficial sexa o español.

3.- Sistema selectivo

O procedemento de selección das persoas aspirantes será o de concurso de méritos, conforme se detalla no anexo I desta convocatoria. Os méritos que se valorarán figuran no dito anexo.

4.- Presentación de Solicitudes

As persoas que desexen participar nesta proba selectiva deberán presentar a seguinte documentación:

- Formulario de inscrición (Anexo II).
- Copia do DNI ou documento acreditativo de identidade.
- Copia do título que corresponda.
- Copia do certificado Celga 4.



Xerencia

- Copia do certificado de nivel de español (só nacionalidade estranxeira).
- Certificado de expediente académico (con nota media).

No formulario de solicitude (inscrición) os/as aspirantes deberán asinar a declaración responsable que figura no documento, pola cal manifestan estar en posesión dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e comprométense a achegar a documentación que nela se indica.

Este formulario de inscrición (Anexo II) atópase no seguinte enderezo:

https://www.udc.es/gl/pas/convocatorias/contr_temporal/convocatorias/index.html

Formulario de inscrición (deberá imprimilo, asinalo e presentalo por rexistro)

Os/as aspirantes deberán formalizar a súa solicitude por un dos seguintes medios:

a) Electronicamente: A través do Rexistro electrónico da Sede electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>):

I.- Indicar no apartado “Expón” da solicitude: “convocatoria listas de agarda da UDC”, e en “destino” “Servizo de Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos”.

II.- Achegar a seguinte documentación:

- o formulario de inscrición (Anexo II) descargado, cuberto e **asinado**
- a documentación requirida na base 4 desta convocatoria

b) Presencialmente: A través do rexistro xeral da Universidade da Coruña (edificio da Reitoría, rúa da Maestranza, nº 9, CP 15001), nos rexistros auxiliares (Edificio de Usos Administrativos no Campus de Esteiro, Ferrol), ou nas restantes formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro).

I.- Achegarase a seguinte documentación:

- o formulario de inscrición (Anexo II) descargado, cuberto e **asinado**
- a documentación requirida na base 4 desta convocatoria

En calquera momento a Universidade poderá requirir das persoas aspirantes as copias auténticas dos documentos presentados.

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles**, que comezarán a contar a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na sede electrónica da UDC.

5. Listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas

Despois de que remate o prazo de presentación de solicitudes, a xerente da Universidade da Coruña ditará resolución pola que se publicará a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que será publicada no taboleiro da Sede Electrónica <https://sede.udc.gal> e na web <http://www.udc.es>

As persoas aspirantes excluídas expresamente, así como as que non figuren na relación de admitidas nin na de excluídas, disporán dun prazo de **cinco días naturais**, contados a partir



Xerencia

do día seguinte ao da publicación da dita Resolución, para poder subsanar o defecto que motivase a súa exclusión, ou a súa non inclusión expresa. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non subsanen a exclusión ou omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.

En todo caso, ao obxecto de evitar erros e, no suposto de producirse, posibilitar a súa subsanación en tempo e forma, as persoas aspirantes deberán comprobar fidedignamente, non só que non figuran na relación de persoas excluídas, senón, ademais, que os seus nomes constan na relación de persoas admitidas.

6. Listaxe definitiva

Transcorrido o prazo de reclamacións, a xerenta ditará resolución para declarar aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará na Sede Electrónica <https://sede.udc.gal> e na web <http://www.udc.es>

O feito de figurar na listaxe de admitidos/as, non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas, a posesión de todos os requisitos, que terán que acreditarse no seu momento.

Contra a resolución de exclusión, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o reitor da Universidade da Coruña, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, ante o órgano competente, conforme ao establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

7. Tribunal de selección

O tribunal estará formado polos membros da Comisión Técnica de Listas de Agarda e Comisión de Servizos.

Para os efectos de comunicación e demais incidencias o tribunal terá a súa sede na Reitoría da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, nº 9, CP 15001).

8. Publicación da listaxe de agarda

A proposta provisional de puntuación será publicada no taboleiro da Sede Electrónica <https://sede.udc.gal> e na web <http://www.udc.es>.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións no **prazo de 5 días naturais**. A listaxe definitiva será publicada, tras resolver as reclamacións, pola orde de puntuación e publicarase nos medios indicados no parágrafo anterior.

A cualificación final do proceso selectivo será a da puntuación que se obteña na fase de concurso de méritos. No caso de empate establécese que, dado que é un sector moi masculinizado, levarase a cabo a favor da muller. De persistir o empate, a letra "M", de acordo coa RESOLUCIÓN do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Facenda e Administración



Xerencia

Pública pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

9.- Presentación de documentos e nomeamento

A Universidade requirirá a presentación dos documentos orixinais cando sexan convocados/as para o nomeamento como persoal funcionario/a interino/a.

9.1- A requirimento do Servizo de Persoal, e no prazo que este indique, a persoa convocada deberá achegar a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria e os seguintes documentos:

- a) Orixinal e copia do título esixido.
- b) Orixinal e copia do certificado Celga 4.
- c) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración ou promesa de non estaren sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que inhabilite no seu Estado o acceso á función pública.
- d) Certificado médico oficial ou informe de saúde, emitido polo Servizo Galego de Saúde (Sergas) ou equivalente, acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a imposibiliten para o servizo.
- e) Os aspirantes con discapacidade deberán presentar certificado dos devanditos órganos ou da Administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.
- f) Diploma de español como lingua estranxeira (nivel B2, C1 ou C2) do certificado de aptitude ou nivel avanzado de español expedido polas EOI, do título de licenciatura ou grao equivalente en Filoloxía Hispánica ou Románica ou doutros títulos homologados ou certificación, se procede.

9.2- As persoas que, dentro do prazo fixado pola UDC, e salvo casos de forza maior, non presentasen a documentación, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2ª, non poderán ser nomeados funcionarios/as interinos/as das diferentes escalas convocadas pola Universidade da Coruña e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que incorresen por falsidade na solicitude inicial. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados na base anterior, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admitido en dereito.

10.- Protección e tratamento de datos de carácter persoal

As persoas aspirantes aceptan a política de privacidade da UDC, recollida na páxina web (https://www.udc.es/gl/pe/politica_privacidade/), e especificada no formulario de solicitude de participación no proceso selectivo.

Disposición derradeira

Estas listaxes perderán vixencia no momento en que se convoquen procesos selectivos específicos para cada categoría e se produza o nomeamento de funcionarios/as de carreira, quedando nese momento constituídas as novas listaxes que procedan.

Contra a presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se derivaren dela poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 31 de agosto de 2026

P.D Reitor (10/07/2024)

A xerenta

María Jesús Grela Barreiro

ANEXO I**Procedemento de selección: Fase de concurso****1. Criterios de selección:**

Valorarase a nota media do expediente académico da titulación presentada, do seguinte xeito:

- Se o candidato/a achega máis dunha titulación válida, valorarase só a de maior nivel ou, se son do mesmo nivel, a de maior nota media.
- Valoraranse servizos prestados na administración pública. Deberase achegar o correspondente certificado de servizos prestados.

ANEXO II**Formulario de inscrición para descargar**

https://www.udc.es/gl/pas/convocatorias/contr_temporal/convocatorias/index.html

